

**REGULAMENTO DE RÉXIMEN INTERNO DO CONSELLO DE  
GOBERNO  
DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**  
(aprobado por Consello de Goberno do 17 de decembro de 2014)

**CAPÍTULO I. NORMAS XERAIS**

**Artigo 1. O Consello de Goberno**

O Consello de Goberno é o órgano ordinario de goberno da Universidade. Exercerá as competencias que lle sexan atribuídas pola lexislación universitaria e polos Estatutos e demais normas da Universidade de Santiago de Compostela.

**Artigo 2. As decisións do Consello de Goberno**

1.- As decisións do Consello de Goberno no exercicio das súas competencias adoptarán a forma de acordos e esgotarán a vía administrativa. De ser o caso, serán impugnables directamente diante da orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

2.- Os acordos do Consello de Goberno serán executados pola reitora ou polo reitor.

3.- O Consello de Goberno poderá, así mesmo, pronunciarse sobre as materias que non sexan da súa competencia. Neste caso, o seu pronunciamento adoptará a forma dunha proposta e non vinculará á reitora ou ao reitor no exercicio das súas funcións.

**CAPÍTULO II. COMPOSICIÓN E FUNCIONAMENTO**

**Artigo 3. A composición do Consello de Goberno**

1.- O Consello de Goberno estará integrado por un máximo de cincuenta membros ademais da reitora ou do reitor, da secretaria ou do secretario xeral, da xerenta ou do xerente, e das ou dos representantes do Consello Social.

2.- Son membros do Consello de Goberno, de acordo co artigo 79 dos Estatutos:

- a) A reitora ou o reitor ou, que o presidirá
- b) A secretaria ou secretario xeral, que desenvolverá as funcións de secretario do órgano
- c) A xerenta ou o xerente.
- d) As vicerreitoras ou vicerreitores
- e) Corenta e un membros da comunidade universitaria, que se distribuirán do seguinte xeito:

\_ Vinte e cinco representantes do Claustro Universitario, elixidos polo sector correspondente de entre os seus membros, garantindo en cada sector a representación dos campus de Santiago e de Lugo, coa composición que se detalla:

- \* Oito membros do profesorado doutor con vinculación permanente (sector I)
  - \* Catro membros do restante persoal docente e investigador (sector II)
  - \* Nove estudantes (sector III)
  - \* Catro membros do persoal de administración e servizos (sector IV)
- Nove decanas ou decanos e directores e directoras de escola, dos cales polo menos dous pertencerán ao campus de Lugo.
  - Cinco representantes das ou dos directoras/es de departamento, un por cada grande área de coñecemento.
  - Dous representantes das ou dos directoras/es dos institutos universitarios ou de investigación, das escolas de doutoramento e doutras estruturas universitarias de investigación.

f) Tres representantes do Consello Social non pertencentes á comunidade universitaria.

#### **Artigo 4. Da representación das decanas e decanos e directoras e directores de escola no Consello de Goberno**

1.- Nove decanos e directores de escola, dos cales dous pertencerán ao campus de Lugo, serán membros do Consello de Goberno de forma rotatoria por períodos dun ano, de xeito que ningún decano ou director de escola poderá asumir novamente a representación mentres non o teñan feito todos os decanos e directores das restantes facultades e escolas, consonte o artigo 79 dos Estatutos da Universidade.

2.- En cumprimento do sistema de rotación anual establecido no apartado 1, os decanos e directores de escola serán chamados para incorporarse como membros do Consello de Goberno polo secretario xeral cunha antelación mínima de quince días á data de incorporación, seguindo a orde de prelación que figura no Anexo I deste Regulamento.

#### **Artigo 5. Das e dos representantes das directoras e dos directores de departamento no Consello de Goberno**

1.- Os directores de departamento contarán con cinco representantes no Consello de Goberno, pertencentes ás cinco grandes área de

coñecemento, que serán elixidos por e entre eles mesmos mediante a celebración dunha elección por sufraxio universal, libre, directo e secreto. De ser o caso, a Comisión Electoral Central admitirá o voto electrónico.

2.- O seu mandato como membros do Consello de Goberno terá unha duración de catro anos.

3.- Serán proclamados electos aqueles candidatos – un por cada gran área de coñecemento – que obteñan maior número de votos.

4.- No caso de que dous ou máis candidatos da mesma gran área de coñecemento obteñan o mesmo número de votos, será proclamado electo o que conte con máis antigüidade, segundo o art. 16 dos Estatutos.

5.- As eleccións celebraranse consonte o disposto no Regulamento Electoral Xeral da Universidade.

#### **Artigo 6. Das e dos representantes das directoras e directores de institutos universitarios ou de investigación, de escola de doutoramento e doutras estruturas universitarias de investigación no Consello de Goberno**

1.- Os directores de institutos universitarios ou de investigación, de escolas de doutoramento e doutras estruturas universitarias de investigación, contarán con dous representantes no Consello de Goberno que serán elixidos por e entre eles mesmos mediante a celebración dunha elección por sufraxio universal, libre, directo e secreto. De ser o caso, a Comisión Electoral Central admitirá o voto electrónico.

2.- O seu mandato como membros do Consello de Goberno terá unha duración de catro anos.

3.- Serán proclamados electos aqueles candidatos que obteñan maior número de votos.

4.- No caso de que dous ou máis candidatos obteñan o mesmo número de votos, será proclamado electo o que conte con máis antigüidade, segundo o art. 16 dos Estatutos.

5.- As eleccións celebraranse consonte o disposto no Regulamento Electoral Xeral da Universidade.

#### **Artigo 7. Da representación do Consello Social no Consello de Goberno**

Os membros do Consello Social que non pertenzan á comunidade universitaria estarán representados no Consello de Goberno cun número máximo de tres que serán designados polo procedemento que o Consello Social estableza.

## **Artigo 8. Da suspensión da condición de membro do Consello de Goberno**

Os membros do Consello de Goberno poderán ser suspendidos nos seus dereitos e deberes por:

- a) Sentenza firme condenatoria que así o imponha ou cando o seu cumprimento impida o desenvolvemento da condición de membro de dito órgano colexiado.
- b) Durante a incapacidade temporal ou situación asimilada, agás o establecido na disposición adicional cuarta deste Regulamento.

## **Artigo 9. Da perda da condición de membro do Consello de Goberno**

1.- Os membros do Consello de Goberno que actúan como representantes perderán tal condición por:

- a) Renuncia expresa.
- b) Sentenza firme que anule a elección pola que foron designados.
- c) Falecemento ou incapacitación, declarada esta por sentenza firme.
- d) Extinción do mandato.
- e) Perda da condición de funcionario ou extinción do vínculo contractual laboral coa Universidade
- f) Perda, de ser o caso, da súa condición de decano, director de escola, director de departamento ou director de instituto universitario ou de investigación, de escola de doutoramento ou doutras estruturas universitarias de investigación.
- g) Perda, de ser o caso, da condición de claustral, coa excepción introducida na disposición transitoria deste Regulamento.
- h) Calquera outra causa contida na lexislación xeral que sexa de aplicación.

2.- Os membros do Consello de Goberno que pertencen ao equipo de goberno perderán tal condición no momento de deixar de ostentar o cargo.

## **Artigo 10. Da substitución dos membros do Consello de Goberno por perda da súa condición**

1.- No caso de que un membro do Consello de Goberno que actúe por representación perdese a condición pola que foi elixido para este órgano de goberno, a substitución farase segundo se describe:

- a) Os decanos e directores de escola, pola persoa que o substitúa no cargo en tanto no remate o mandato dun ano.

- b) Os directores de departamento, de institutos universitarios ou de investigación, de escolas de doutoramento e doutras estruturas universitarias de investigación, polo director que figure no posto seguinte dentro da gran rama de coñecemento á que pertenza segundo à acta de escrutinio das eleccións.
- c) Os representantes procedentes do Claustro Universitario polos seus equivalentes designados segundo o disposto no Regulamento de Réxime Interno do Claustro.
- d) Os representantes do Consello Social segundo o disposto na normativa propia do órgano colexiado.

### **Artigo 11. Da asistencia as reunións do Consello de Goberno**

1.- Todos os membros do Consello de Goberno teñen a obriga de asistir as súas reunións, así como o dereito a voz e a voto.

2.- O reitor ou reitora poderá convocar, con voz pero sen voto, os decanos, os directores de escola, os directores de departamento, os directores de institutos universitarios ou de investigación, de escola de doutoramento ou doutras estruturas universitarias de investigación, que, non sendo membros do Consello de Goberno, o soliciten sempre que proceda a toma de acordos que afecten especificamente ao centro ou estrutura en cuestión e teñan suficiente relevancia.

3.- Do mesmo xeito, a reitora ou o reitor poderá convocar, con voz pero sen voto, calquera persoa cando o requira a natureza dos asuntos que se van tratar.

### **Artigo 12. Doutras deberes dos membros do Consello de Goberno**

Os membros do Consello de Goberno están, asemade, obrigados a:

a) Adecuar a súa conduta ao disposto neste Regulamento, respectando e facendo respectar a orde e a cortesía académica nos debates.

b) Non divulgar os debates e decisións que se refiran a aspectos privados das persoas ou sexan secretos.

### **Artigo 13. Das reunións do Consello de Goberno**

1.- O Consello de Goberno actúa en Pleno ou en comisións delegadas.

2.- As sesións do Consello de Goberno non serán públicas.

## **CAPÍTULO III. DO PLENO DO CONSELLO DE GOBERNO**

### **Artigo 14. Das sesións do Pleno do Consello de Goberno**

1.- As sesións do Pleno do Consello de Goberno poden ser ordinarias ou extraordinarias.

- 2.- O Pleno do Consello de Goberno celebrará, polo menos, unha sesión ordinaria cada dous meses.
- 3.- As sesións extraordinarias do Pleno do Consello de Goberno, que estarán dedicadas a tratar un só tema ou varios temas de natureza complementaria, convocaranse por iniciativa do reitor ou por un terzo dos seus membros.
- 4.- Salvo que concorran circunstancias de urxencia ou gravidade que aconsellen outra cousa, o Consello de Goberno reunirse en días administrativamente hábiles.

#### **Artigo 15. O contido da orde do día**

- 1.- A convocatoria do Pleno do Consello de Goberno correspóndelle ao reitor, quen elaborará a orde do día asistido polo secretario xeral.
- 2.- Na orde do día figurarán inescusablemente os puntos relativos á aprobación da acta da sesión anterior e aos rogos e preguntas, agás que a sesión fose extraordinaria.
- 3.- Asemade figurarán na orde do día os puntos que previamente solicitará por escrito unha quinta parte dos membros do Consello de Goberno.

#### **Artigo 16. Prazos e forma da convocatoria**

- 1.- Para que a convocatoria produza efectos, deberase poñer en coñecemento de todos os membros do Consello de Goberno mediante unha notificación na que se fará constar a orde do día, a data, hora e lugar da reunión e se esta é ordinaria ou extraordinaria.
- 2.- A notificación da convocatoria farase polo menos con setenta e dúas horas de antelación e terá un carácter nominal, e será dirixida a cada un dos membros do Consello de Goberno que sexan persoal da Universidade de Santiago de Compostela a través da súa sede electrónica da USC. Ante a imposibilidade de notificar a convocatoria por medios electrónicos, esta dirixirase por correo ordinario interno ao departamento, centro ou unidade ao que pertenza o membro convocado ou, se non formase parte da comunidade universitaria, ao enderezo que forneza.
- 3.- No caso de urxencia ou gravidade, non será de aplicación o prazo do apartado segundo. Os motivos que acrediten a situación de urxencia ou gravidade serán confirmados pola maioría absoluta dos membros do Consello de Goberno na sesión correspondente.
- 4.- En xeral, a documentación que acompaña á orde do día figurará coa mesma antelación prevista no apartado 2, nun repositorio específico ao que poderá acceder calquera membro da comunidade universitaria, previamente identificado mediante os sistemas de identificación persoal admitidos pola Universidade de Santiago de Compostela. En particular,

a documentación de acceso restrinxido por conter datos de carácter persoal, privado ou íntimo só estará dispoñible para os membros do Consello de Goberno. Celebrado o Pleno do Consello de Goberno, esta documentación quedará dispoñible nun cartafol, coa indicación de que contén as propostas ou borradores previos á correspondente aprobación ou modificación por parte do Pleno do Consello de Goberno ou doutros órganos da Universidade de Santiago de Compostela.

### **Artigo 17. Quórum**

Para a válida constitución do Pleno Consello de Goberno será necesaria, en primeira convocatoria, a maioría absoluta dos seus membros. En segunda convocatoria, que se celebrará quince minutos máis tarde, constituirase validamente cun terzo dos seus membros.

### **Artigo 18. Presidencia e secretaría do Pleno e a súa substitución**

- 1.- O Pleno do Consello de Goberno será presidido polo reitor que estará asistido polo secretario xeral, o xerente e os vicerreitores.
- 2.- En caso de ausencia da reitora ou do reitor , esta/e será substituído polo vicerreitor ou vicerreitora que designe, que presidirá o Consello de Goberno.
- 3.- En caso de ausencia da secretaria ou secretario xeral, o reitor ou o vicerreitor que aquel designase para substituílo asignarán as funcións ao secretario xeral adxunto ou, no seu defecto, algún membro do profesorado do sector I que sexa membro do Consello de Goberno.
- 4.- Os restantes membros do Consello de Goberno non poderán ser suplidos para a súa asistencia ao Pleno ou as comisións.

### **Artigo 19. A dirección das sesións**

- 1.- A reitora ou o reitor decidirá sobre:
  - a) A alteración da orde de discusión dos puntos da orde do día.
  - b) O ordenamento dos debates.
  - c) Calquera cousa que se lle encomende no presente regulamento.
- 2.- Non se admitirá a incorporación de novos puntos na orde do día, agás que estean presentes todos os membros do Consello de Goberno e sexa declarada a urxencia do asunto co voto favorable da maioría dos seus membros, segundo o artigo 26.3 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réximen xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

### **Artigo 20. Da orde dos debates e a súa duración**

- 1.- A reitora ou o reitor dirixirá e ordenará os debates e establecerá a súa duración en función dos pedimentos de palabra, así como o de cada intervención. No caso de que a maioría simple dos membros presentes o



pedise e sempre que non se considerase suficientemente debatido o tema, o reitor prolongará o tempo de dito debate.

2.- De estímalo procedente, o reitor concederá o dereito de respostas por alusións durante o período de tempo que determine.

3.- Os membros do Consello de Goberno teñen dereito ao uso da palabra con relación a calquera punto da orde do día. Nos informes do reitor e dos restantes membros do equipo de goberno só se poderá intervir para aclaración sobre os temas obxecto de informe.

4.- Ningún membro do Consello de Goberno poderá ser interrompido cando estea a facer uso da palabra, agás para ser chamado polo reitor á orde ou para cinguirse ao tema.

5.- Excedido o prazo concedido para unha intervención ou no caso de non cinguirse ao tema, o reitor, despois de convidar ao interveniente por dúas veces a rematala, poderá retirarlle a palabra.

6.- No caso de excesiva duración do Pleno do Consello de Goberno, o reitor disporá a interrupción da sesión e fixará a hora da súa continuación nas vinte e catro horas seguintes.

## **Artigo 21. Da adopción dos acordos**

1.- Para a adopción de acordos, necesitarase no momento da votación un terzo dos membros do Consello de Goberno.

2.- Os acordos, para a súa válida adopción, requirirán ser adoptados pola maioría de votos en favor dunha proposta, agás as excepcións contempladas neste Regulamento. Non será precisa a votación se o Consello se pronuncia por asentimento en favor dunha proposta.

3.- As votacións poderán ser públicas a man alzada ou secretas.

4.- As votacións serán secretas sempre que afecten a persoas concretas ou sexan solicitadas por seis membros do Consello de Goberno.

5.- Non se admitirá a delegación do voto nin o voto anticipado dos membros do Consello de Goberno.

## **Artigo 22. Da elaboración das actas**

1.- O secretario do Consello de Goberno redactará unha acta por cada unha das sesións do Pleno.

2.- Na acta deberá figurar inescusablemente:

a) Os membros do Consello de Goberno, nominalmente designados, que asistiron á sesión, indicando as ausencia xustificadas.

b) A orde do día.

c) As circunstancias da celebración no que atinxe ao lugar e tempo no que se celebraron.

d) Os acordos acadados, facéndose constar se o foron por asentimento, unanimidade ou por maioría, e, neste último caso, o



número de votos emitidos, o sentido dos mesmos, e o número de abstencións.

e) As propostas aceptadas, facéndose constar o nome dos membros do Consello de Goberno que as formularon, así como a forma e resultado final da súa adopción.

3.- Na acta incluíranse os textos literais dos acordos e das propostas, os puntos principais das deliberacións, así como calquera mención expresa relacionada cos puntos da orde do día que os membros do Consello de Goberno, de xeito individual ou colectivo, desexen facer constar expresamente.

4.- Cada acta será asinada polo secretario do Consello de Goberno e estará acompañada do visto e prace do presidente.

5.- As actas das sesións anteriores estarán depositadas xunto coa restante documentación nun repositorio ao que terán acceso os membros do Consello de Goberno previamente identificados mediante os sistemas de identificación persoal admitidos na Universidade de Santiago de Compostela.

6.- As actas das sesións anteriores serán aprobadas, de ser o caso, na seguinte sesión ordinaria do Pleno do Consello de Goberno. Os membros do mesmo poderán formular por escrito obxeccións ás actas cun antelación mínima de corenta e oito horas. As obxeccións serán remitidas por correo electrónico ao enderezo da Secretaría Xeral e serán lidas antes da súa aprobación o do seu rexeitamento na sesión correspondente do órgano colexiado.

7.- Os membros do Consello de Goberno que discrepen do acordo poderán formular por escrito nun prazo de corenta e oito horas posteriores á celebración da sesión o seu voto particular, tanto de carácter individual, como colectivo. Así mesmo os membros asistentes poderán realizar a xustificación do seu voto seguindo o mesmo procedemento.

### **Artigo 23. Da custodia das actas e da certificación dos acordos**

1.- As actas de cada sesión, unha vez aprobadas, incluíranse no Libro de Actas, custodiado polo secretario xeral, quen lle permitirá a súa consulta a calquera membro do Consello de Goberno.

2.- Os votos particulares contra unha acta incorporaranse ao texto definitivo da acta aprobada.

3.- Só dará fe dos acordos e das propostas adoptados polo Consello de Goberno, as certificacións expedidas polo secretario co visto e prace do reitor ou do presidente da sesión.

4.- As certificacións dos acordos e das propostas adoptados polo Consello de Goberno poderán expedirse:

a) De oficio, previo requirimento do Claustro Universitario, dos órganos das administracións públicas ou dos órganos xudiciais no exercicio da súa competencia.

b) A instancia de calquera membro do Consello de Goberno.

c) A instancia de calquera persoa interesada.

Nos dous últimos casos, o contido das certificacións limitarase a parte decisoria dos acordos e das propostas.

5.- A notificación administrativa de calquera asunto que fose sometido ao Consello de Goberno comprenderá o acordo literal tomado por este.

6.- Ademais do disposto no apartado anterior, o secretario deberá notificar os acordos tomados aqueles membros da comunidade universitaria a que lles afecte especificamente. Se fosen acordos relativos a un sector universitario en xeral, faranse públicos no Taboleiro Electrónico e, de ser o caso, no Diario Oficial de Galicia para disposicións de carácter xeral que afecten a terceiras persoas.

7.- Os acordos e as propostas aprobados polo Consello de Goberno deberán facerse públicos en xeral a toda a comunidade universitaria, sempre que non conteñan datos de carácter persoal.

## **Artigo 24. Da aprobación da programación plurianual e do orzamento**

1.- Unha vez aprobadas as liñas xerais polo Claustro, o equipo de goberno someterá á aprobación do Consello de Goberno tanto a programación plurianual ou a súa revisión, como o orzamento.

2.- O proxecto de orzamentos porase á disposición de toda a comunidade universitaria.

3.- Os membros do Consello de Goberno disporán dun prazo non inferior a 10 días para a análise do proxecto de orzamentos e da programación plurianual e para a presentación de emendas.

4.- Rematado o prazo de presentación de emendas, tanto a programación plurianual como o orzamento serán sometidos a debate e informe na Comisión de Asuntos Económicos do Consello de Goberno.

## **CAPÍTULO IV. DAS COMISIÓNS DO CONSELLO DE GOBERNO**

### **Artigo 25. Das comisións delegadas do Consello de Goberno**

1.- Sen prexuízo da posibilidade de crear comisións específicas polo Consello de Goberno de acordo co disposto no artigo 38, son comisións delegadas do mesmo:

a) A Comisión de Organización Académica e Profesorado

- b) A Comisión de Ordenación Docente e Innovación Educativa
- c) A Comisión de Investigación
- d) A Comisión de Asuntos Económicos
- e) A Comisión de Actividades Culturais e Deportivas
- f) A Comisión de Calidade e Planificación

2.- Nas comisións delegadas deberán estar representados os dous campus universitarios e tenderase a que sexan paritarias dende a perspectiva do xénero. Tamén se tenderá a que estean representados os decanos e directores de centros e directores de departamento, de institutos universitarios ou de investigación, de escolas de doutoramento e doutras estruturas universitarias de investigación, e que contén coa representación das cinco grandes áreas.

## **Artigo 26. Da Comisión de Organización Académica e Profesorado**

1.- A Comisión de Organización Académica e Profesorado estará integrada polos vicerreitores ou vicerreitoras das áreas relacionadas coa Comisión e dez membros máis do Consello de Goberno distribuídos como se describe:

- a) Cinco representantes do profesorado doutor con vinculación permanente (sector I)
- b) Un representante das restantes categorías de persoal docente e investigador (sector II)
- c) Tres representantes do alumnado matriculado en titulacións oficiais (sector III)
- d) Un representante do persoal de administración e servizos (sector IV)

2.- O presidente da Comisión será designado polo reitor entre os membros que a compoñen.

3.- O secretario da Comisión será designado polo presidente entre os membros que a compoñen.

## **27. Da Comisión de Ordenación Docente e Innovación Educativa**

1.- A Comisión de Ordenación Docente e Innovación Educativa estará integrada polas vicerreitoras ou vicerreitores das áreas relacionadas coa Comisión e dez membros máis do Consello de Goberno distribuídos como se describe:

- a) Cinco representantes do profesorado doutor con vinculación permanente (sector I)
- b) Un representante das restantes categorías de persoal docente e investigador (sector II)
- c) Tres representantes do alumnado matriculado en titulacións oficiais (sector III)

- d) Un representante do persoal de administración e servizos (sector IV)
- 2.- O presidente da Comisión será designado polo reitor entre os membros que a compoñen.
- 3.- O secretario da Comisión será designado polo presidente entre os membros que a compoñen.

#### **Artigo 28. Comisión de Investigación**

- 1.- A Comisión de Investigación estará integrada polas vicerreitoras e vicerreitores das áreas relacionadas coa Comisión e dez membros máis do Consello de Goberno distribuídos como se describe:
  - a) Cinco representantes do profesorado doutor con vinculación permanente (sector I)
  - b) Un representante das restantes categorías de persoal docente e investigador (sector II)
  - c) Tres representantes do alumnado matriculado en titulacións oficiais (sector III)
  - d) Un representante do persoal de administración e servizos (sector IV)
- 2.- O presidente da Comisión será designado polo reitor entre os membros que a compoñen.
- 3.- O secretario da Comisión será designado polo presidente entre os membros que a compoñen.

#### **Artigo 29. Da Comisión de Asuntos Económicos**

- 1.- A Comisión de Asuntos Económicos estará integrada polo xerente, polos vicerreitores das áreas relacionadas coa Comisión, un representante do Consello Social e dez membros máis do Consello de Goberno distribuídos como se describe:
  - a) Cinco representantes do profesorado doutor con vinculación permanente (sector I)
  - b) Un representante das restantes categorías de persoal docente e investigador (sector II)
  - c) Tres representantes do alumnado matriculado en titulacións oficiais (sector III)
  - d) Un representante do persoal de administración e servizos (sector IV)
- 2.- O presidente da Comisión será designado polo reitor entre os membros que a compoñen
- 3.- O secretario da Comisión será designado polo presidente entre os membros que a compoñen.

#### **Artigo 30. Da Comisión de Actividades Culturais e Deportivas**

1.- A Comisión de Actividades Culturais e Deportivas estará integrada polas vicerreitoras e vicerreitores das áreas relacionadas coa Comisión e dez membros máis do Consello de Goberno distribuídos como se describe:

- a) Cinco representantes do profesorado doutor con vinculación permanente (sector I)
- b) Un representante das restantes categorías de persoal docente e investigador (sector II)
- c) Tres representantes do alumnado matriculado en titulacións oficiais (sector III)
- d) Un representante do persoal de administración e servizos (sector IV)

2.- O presidente da Comisión será designado polo reitor entre os membros que a compoñen

3.- O secretario da Comisión será designado polo presidente entre os membros que a compoñen.

### **Artigo 31. Comisión de Calidade e Planificación**

1.- A Comisión de Calidade e Planificación estará integrada polos vicerreitores ou vicerreitoras das áreas relacionadas coa Comisión, o xerente, un membro do Consello Social e dez membros máis, elixidos como se describe:

- a) Cinco representantes do profesorado doutor con vinculación permanente (sector I)
- b) Un representante das restantes categorías de persoal docente e investigador (sector II)
- c) Tres representantes do alumnado matriculado en titulacións oficiais (sector III)
- d) Un representante do persoal de administración e servizos (sector IV)

2.- O presidente da Comisión será designado polo reitor entre os membros que a compoñen

3.- O secretario da Comisión será designado polo presidente entre os membros que a compoñen.

### **Artigo 32. Competencias das comisións delegadas do Consello de Goberno**

Son competencias das comisións delegadas do Consello de Goberno:

- a) Informar dos asuntos presentados polo reitor, polo xerente ou polos vicerreitores.
- b) Elaborar as propostas concordantes coa súa natureza.
- c) Aqueloutras que lle sexan delegadas por acordo do Pleno do órgano colexiado.

### **Artigo 33. Da elección dos membros das comisións delegadas**

- 1.- Os membros das comisións delegadas, que pertencerán ao Consello de Goberno, serán elixidos por e entre os membros dos correspondentes sectores.
- 2.- No caso de que houbese máis candidatos que postos a cubrir nun sector, procederase a votación deses candidatos nunha lista única.
- 3.- No caso de producirse unha votación para a elección, cada membro dun sector votará un máximo do 70%, ou cantidade máis próxima, do número de postos que se deben cubrir.
- 4.- No caso de elección por votación, serán elixidos os candidatos máis votados.
- 5.- No caso de que houbese un número igual ou inferior de candidatos que postos a cubrir, estes serán proclamados automaticamente como membros da correspondente comisión.

### **Artigo 34. Da condición de membro dunha comisión delegada e da súa perda**

- 1.- A condición de membro dunha comisión delegada do Consello de Goberno é indelegable.
- 2.- No caso de perda da condición de membro dunha comisión delegada, procederase a unha nova elección, de acordo co establecido no artigo anterior.

### **Artigo 35. Da convocatoria das comisións delegadas**

- 1.- As sesións das comisións delegadas celebraranse en días administrativamente hábiles e serán convocadas polos seus presidentes cunha antelación mínima de corenta e oito horas.
- 2.- No caso de urxencia ou gravidade, non será de aplicación o prazo do apartado anterior. Os motivos que acrediten a situación de urxencia ou gravidade serán confirmados pola maioría absoluta dos membros do comisión na correspondente sesión.
- 3.- A convocatoria, ordinaria ou por situación de urxencia ou gravidade, terá carácter nominal e dirixirase a cada un dos membros do Comisión ao través dunha notificación na sede electrónica da Universidade de Santiago de Compostela. Ante a imposibilidade de notificar a convocatoria por medios electrónicos, esta se dirixirá por correo ordinario interno ao departamento, centro ou unidade ao que pertenza o membro convocado ou, se non pertencese á comunidade universitaria, ao enderezo que forneza.

### **Artigo 36. Do funcionamento das comisións delegadas**

- 1.- As comisións entenderanse validamente constituídas pola maioría dos seus membros.
- 2.- As súas decisións adoptarán a forma de informe, previo requirimento do Consello de Goberno, ou de proposta, é dicir, por iniciativa da propia comisión.
- 3.- Os informes e propostas serán adoptados pola maioría dos seus membros.
- 4.- O secretario da comisión recollerá na acta os informes e propostas adoptados pola comisión e dará traslado deles ao Pleno do Consello de Goberno ou ao reitor, segundo proceda en cada caso.

### **Artigo 37. Da desaparición das comisións delegadas**

O Consello de Goberno poderá acordar co voto favorable da maioría dos presentes a desaparición dunha comisión delegada pola escasa actividade a desenvolver e aras dunha racional xestión administrativa.

### **Artigo 38. Das comisións específicas do Consello de Goberno**

- 1.- O Consello de Goberno poderá acordar a creación de comisións específicas co voto favorable da maioría dos presentes.
- 2.- Poderanse crear comisións específicas sobre asuntos que non sexan competencia expresa do Consello de Goberno e de ningún outro órgano de goberno da Universidade.
- 3.- O Consello de Goberno poderá limitar a duración da existencia da comisión específica e explicará no acordo polo que se crea se esta exercerá funcións executivas ou de deliberación.
- 4.- As regras de funcionamento das comisións específicas serán as mesmas que das comisións delegadas, excepto que o acordo do Consello de Goberno especifique algún extremo como o do número de membros que as integran.

### **Disposición adicional primeira. Interpretación**

A reitora ou o reitor, coa asistencia equipo de goberno, interpretará o presente regulamento.

### **Disposición adicional segunda. Uso dos medios electrónicos nas reunións do Consello de Goberno e nas comisións delegadas ou nas específicas**

- 1.- O Consello de Goberno poderá constituírse e adoptar acordos utilizando medios electrónicos, respectando os trámites esenciais establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réximen xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.



- 2.- Os membros do órgano colexiado sen sufrir mingua nos seus dereitos poderán participar nas sesións do Pleno e das comisións dende outros lugares de xeito simultáneo sempre que o presidente o acepte e os medios técnicos o permitan. Esta participación computará aos efectos da asistencia, do quórum e da realización de votacións
- 3.- Unha vez constituído o órgano, o presidente poderá designar unha persoa que actúe de soporte técnico para que auxilie aos que se conectan telematicamente.
- 4.- As votacións sobre os puntos da orde do día poderán realizarse, asemade, por medios electrónicos.
- 5.- As votacións de representantes no Consello de Goberno, agás os do Claustro que se rexerán pola súa propia normativa, poderán facerse conforme o sistema xeral de votación electrónico establecido na Universidade de Santiago de Compostela.
- 6.- Os medios telemáticos de notificación deberán permitir a acreditación da data e da hora na que se produza a súa posta á disposición para a persoa interesada, ademais de asegurar o acceso ao seu contido, momento a partir do cal a notificación se entenderá practicada para todos os efectos legais. En todo caso, presumirase que a notificación se producirá polo mero transcurso de vinte e catro horas que se van contar dende a posta á disposición da convocatoria notificada, agás que, de oficio ou por instancia do destinatario, se comprobe a imposibilidade técnica ou material do acceso.
- 7.- O sistema de notificación e o repositorio específico previsto estará disposto no prazo máximo de seis meses a partir da entrada en vigor do presente Regulamento. En tanto non se implante este sistema, ou no caso de imposibilidade técnica no seu funcionamento, as convocatorias do Consello de Goberno poderán efectuarse mediante o correo electrónico que sinalen, para ese efecto, os seus membros.
- 8.- As convocatorias das comisións delegadas ou específicas poderán realizarse mediante notificación en sede ou por correo electrónico aos seus membros.
- 9.- As actas das sesións das comisións delegadas e específicas poderán ser aprobadas por vía telemática, logo de sérenlles remitidas aos seus membros ao seu enderezo electrónico.

**Disposición adicional terceira. Réximen de elaboración dun novo regulamento ou de modificación do mesmo**

- 1.- A proposta para reformar o Regulamento de Réxime Interno do Consello de Goberno ou a para elaborar un novo corresponde ao reitor ou ao vinte e cinco por cento dos membros do Consello de Goberno.

2.- A proposta para reformar o Regulamento de Réxime Interno do Consello de Goberno ou para elaborar un novo presentarase no rexistro xeral da Universidade, ou no rexistro electrónico, acompañada dunha exposición de motivos, dun texto alternativo e das sinaturas de, ao menos, o vinte e cinco por cento dos membros do Consello de Goberno. Os requisitos de entrega da proposta no rexistro e o relativo as firmas están exceptuados no caso de que aquela veña do reitor.

3.- Nun prazo de setenta e dúas horas, que se van contar dende o día seguinte ao de rexistro da proposta, o secretario xeral dará traslado da mesma aos membros do Consello de Goberno a través do correo electrónico ou, no seu defecto, do enderezo postal, confirmando de todos os xeitos o acuse de recepción.

4.- No prazo de dez días naturais que se van contar dende o fixado pola Secretaría Xeral, os membros do Consello de Goberno que non tivesen asinada a proposta poderán formular emendas que serán entregadas no rexistro xeral da Universidade ou no rexistro electrónico e dirixidas ao secretario xeral.

5.- Se a proposta de modificar o regulamento ou de elaborar un novo fose promovida polo reitor, o texto desta será remitido polo secretario xeral aos membros do Consello de Goberno a través do correo electrónico ou, no seu defecto, da dirección postal, confirmando de todos os xeitos o acuse de recepción. Os membros do Consello de Goberno contarán con dez días naturais que se van contar dende o fixado pola Secretaría Xeral para formular emendas, as cales serán entregadas no rexistro xeral da Universidade, ou no rexistro electrónico, e dirixidas ao secretario xeral.

6.- Transcorrido o prazo de emendas, o secretario xeral, por orde do reitor, procederá a convocar unha sesión extraordinaria do Pleno Consello de Goberno que contará como único punto da orde do día a modificación do Regulamento de Réxime Interno do Consello de Goberno ou o debate e aprobación dun novo.

7.- As propostas e as emendas, tras ser debatidas, someteranse a votación de xeito individual e aprobaranse contando co voto favorable da maioría dos presentes que non poderán ser menos dun terzo dos membros do Consello de Goberno.

8.- O texto final do proxecto de regulamento, coa incorporación das propostas ou das emendas se procedese, deberá ser aprobado pola maioría absoluta dos membros do Consello de Goberno.

9.- No caso de non acadar a maioría absoluta, a reforma do Regulamento de Réxime Interno do Consello de Goberno ou a aprobación dun novo entenderase rexeitada e non se poderá presentar unha reforma idéntica ata que transcorra un prazo de dous anos.

#### **Disposición adicional cuarta. Da conciliación da vida familiar e laboral**

1.- Os membros do Consello de Goberno que estean nalgunha das situacións que se relacionan nesta disposición adicional non serán suspendidos da súa condición de tales e, polo tanto, conservarán os seus dereitos de asistencia as sesións do Pleno ou das comisións con voz e voto. Asemade, deberán cumprir todos os deberes que o presente Regulamento lles impón.

2.- As situacións ás que se refire o apartado anterior son:

- Os permisos por maternidade, paternidade, risco durante o embarazo e risco durante a lactación.
- O permiso de lactación acumulado.
- A incapacidade temporal derivada dun embarazo de risco.
- As reducións de xornada por coidado dun menor ou dun adulto, nos termos e condicións establecidos nos artigos 48 e 49 do Estatuto Básico do Empregado Público; no artigo 37 do Estatuto dos Traballadores; e nas demais normas legais ou convencionais que os desenvolvan.
- Os permisos, traslados e reducións de xornadas das traballadoras ou funcionarias pola súa condición de vítimas da violencia de xénero; ademais da incapacidade temporal derivada das lesións ou enfermidades padecidas no marco desa mesma situación.

3.- Nestes casos, deberá asegurarse a votación por vía telemática, se fose precisa, no momento de celebración do Consello de Goberno.

#### **Disposición adicional quinta. Dereito supletorio**

O presente Regulamento debe ser integrado e interpretado no marco do disposto nos Estatutos da Universidade, e das normas vixentes sobre o ensino universitario, así coma do resto do ordenamento xurídico. En particular, para o que non estea disposto no presente Regulamento nin nos Estatutos da Universidade, aplicarase o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réximen xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### **Disposición adicional sexta. Linguaxe non sexista**

As expresións referidas aos cargos académicos e a certas responsabilidades, así como as de alumnos, estudantes e similares, entenderanse nun sentido xeral sen identificación de sexo, polo que abranguen tanto o xénero feminino como o masculino.

#### **Disposición transitoria. Da extensión provisional do mandato de membro do Consello de Goberno**

A perda da condición de claustral non suporá a de membro do Consello de Goberno entanto non se produza a súa substitución de maneira efectiva e sempre que se manteña o vínculo xurídico coa Universidade.

#### **Disposición derogatoria única**

Quedarán sen efecto e polo tanto derrogado o Regulamento de Réxime Interno do Consello de Goberno aprobado polo Acordo de Consello de Goberno de 24 de outubro de 2002, e o Acordo de adaptación á LOMLOU das Comisións do Consello de Goberno, en aplicación da estrutura do Consello de Goberno adoptado o 27 de xullo de 2010. Quedan tamén derrogadas as normas de igual ou inferior rango que resulten contrarias ao disposto neste Regulamento.

#### **Disposición final única**

O presente Regulamento de Réxime Interno do Consello de Goberno entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Taboleiro de Anuncios Electrónico da Sede Electrónica tras a súa aprobación polo Consello de Goberno.

## **ANEXO I**

Consonte o disposto no artigo 4 do presente Regulamento, no Consello de Goberno haberá nove decanos ou directores de escola, dous dos cales serán do campus de Lugo e sete do campus de Santiago.

Os representantes do campus de Lugo serán un decano/a ou director/a do grupo 1 e outro do grupo 2. En canto aos do campus de Santiago: dous serán representantes da área de ciencias experimentáis e técnicas, dous da área de ciencias sociais e xurídicas, un da área de humanidades e dous da área de ciencias da saúde.

Aos efectos da representación no Consello de Goberno, a orde de representación dos Centros por áreas e campus será:

### **Campus de Santiago**

- Ciencias Experimentáis e Técnicas
  - 1) Escola Técnica Superior de Enseñaría
  - 2) Facultade de Bioloxía
  - 3) Facultade de Física
  - 4) Facultade de Química
  - 5) Facultade de Matemáticas
- Ciencias Sociais e Xurídicas
  - 1) Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
  - 2) Facultade de Ciencias da Educación
  - 3) Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
  - 4) Facultade de Ciencias da Comunicación
  - 5) Facultade de Relacións Laborais
  - 6) Facultade de Dereito
- Humanidades
  - 1) Facultade de Filoloxía
  - 2) Facultade de Filosofía
  - 3) Facultade de Xeografía e Historia

- Ciencias da Saúde
  - 1) Facultade de Medicina e Odontoloxía
  - 2) Facultade de Psicoloxía
  - 3) Facultade de Enfermaría
  - 4) Facultade de Farmacia
  - 5) Facultade de Óptica e Optometría

### **Campus de Lugo**

- Grupo 1:
  - 1) Escola Politécnica Superior
  - 2) Facultade de Veterinaria
  - 3) Facultade de Ciencias
- Grupo 2:
  - 1) Facultade de Administración e Dirección de Empresas
  - 2) Facultade de Formación do Profesorado
  - 3) Facultade de Humanidades